



RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente SU 01/2016 “CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESTRUTURA MODULAR PREFABRICADA DE VESTIARIOS-OFCINAS PARA O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA”

O 24 de abril de 2016 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria, Ingacal, iniciou un expediente para a tramitación da “CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA, DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA ESTRUTURA MODULAR PREFABRICADA DE VESTIARIOS-OFCINAS PARA O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA”, Exp. SU 01/2016.

A secretaría técnica do Ingacal, como órgano negociador por resolución de la Dirección de Ingacal, enviou invitacións para participar no proceso de “Contratación polo procedemento negociado sen publicidade, con tramitación ordinaria, da subministración e instalación dunha estrutura modular prefabricada de vestiarios-oficinas para o Instituto Galego da Calidade Alimentaria” ás empresas ALGECO Construcciones Modulares, Arco Soluciones y Diseño e Normetal. A documentación foi presentada polas tres empresas no prazo outorgado.

Excluído o criterio da Oferta Económica, ningunha das empresas acadou o 50% do total da posible puntuación de acordo cós criterios de adxudicación, non procede a apertura da fase de negociación, tal e como reflicte o PCAP, no seu punto 6.2.2 de Exame das Ofertas e Negociación: *“De acordo co artigo 178.2 do TRLCSP, a apertura da fase de negociación, no seu caso, realizarase cós licitadores que presentasen unha oferta cuxa puntuación (sen ter en conta a correspondente ao prezo) de acordo co informe inicial elaborado supere o 50% do total da posible puntuación de acordo cos criterios de adxudicación recolleitos no prego (excepto prezo). O resto das ofertas quedarán descartadas”*

De acordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación así como o establecido nas follas de especificacións e tras o requirimento con data de 6 de xullo de 2016 de aclaracións con respecto ás características técnicas ofertadas, a clasificación das ofertas achegadas polos licitadores resulta do seguinte xeito:

	PUNTUACIÓN TOTAL (máx 100 puntos)
ALGECO	0
ARCO	11,03
NORMETAL	66,33

De acordo coa proposta de adxudicación e tendo en conta o establecido no artigo 151.2 do TRLCSP e nos artigos 13 a 16 do RXLCAP e tendo en conta o artigo 146.4 do TRLCSP engadido pola Lei 14/2013 do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, con data 5 de agosto de 2016 requiríuselle á empresa Normetal S.L., como licitador seleccionado, para que no prazo de dez días hábiles, dende o recibo do requirimento, acreditase o cumprimento das obrigas que figuran no punto 7 do PCAP e nas follas de especificacións e constitúese a garantía definitiva.

A empresa o acredita no prazo indicado e constitúe unha garantía definitiva de 1.554,85 euros na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no apartado número catro do Acordo do Consello da Xunta de dezaioito de marzo de mil novecentos noventa e nove, polo que se implanta un Sistema Integrado de Control Permanente da Xestión Económica de Sociedades e Fundacións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia informe favorablemente o expediente de contratación con data 26 de agosto de 2016.



Á vista do anterior,

RESOLVO

1. Adxudicar o devandito contrato:

Empresa adxudicataria: NORMETAL S.L. con NIF B87020467.

Orzamento de adxudicación: trinta e un mil noventa e sete euros, 31.097,00 €, máis IVE.

2. Publicar esta resolución de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación <http://www.contratosdegalicia.es> de conformidade co sinalado nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

De acordo co previsto no artigo 156 do TRLCSP, este contrato debe formalizarse en documento administrativo, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, se ben o contratista poderá solicitar a elevación do mesmo a escritura pública facéndose cargo de todos os gastos que isto orixine.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso especial en materia de contratación ante a Consellería do medio rural, no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación desta resolución. A presentación do escrito de interposición do recurso especial afectarase no Rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolvelo. A Comunidade Autónoma de Galicia asinou un convenio coa Administración Xeral do estado, polo que, de acordo co artigo 41.3 do TRLCSP, será competente para a resolución deste o tribunal Central de recursos Contractuais, nos termos establecidos no artigo 40 do TRLCSP. Ou poderá interpoñer directamente recurso administrativo perante o tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOTIFÍQUESE esta adxudicación a todos os candidatos ou licitadores de acordo co previsto no artigo 151.4 do TRLCSP.

Santiago de Compostela,

02 SET. 2016

A Conselleira do Medio Rural

P.D. (Resolución do 24.03.2013, DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013)

O director do Ingacal

Tomás Fernández-Couto Juanas

